

O Alcalde de Bóveda recoñece perante o Valedor do Pobo a existencia dos problemas de insalubridade da traída de auga

Así figura na documentación remitida por este organismo á voceira municipal socialista en resposta á queixa presentada, unha vez que o Concello se desatendeu claramente desta competencia municipal básica

No informe, o Rexedor non só recoñece que, dende o primeiro momento, o Concello foi coñecedor das altas doses contaminantes do subministro, senón que a Xunta de Galicia tamén incumpriu os prazos para a construción da ETAP que, supostamente, permitiría atallar o grave problema

O documento especifica claramente que, tal e como xa denunciaron no Parlamento os socialistas, o proxecto da depuradora deixaría hipotecada á entidade local para os próximos 20 anos

A pesares de que garantir o consumo apto de auga é responsabilidade directa do Concello e da Xunta, Carmen Macía critica que o Goberno municipal intente responsabilizar á Deputación do asunto, cando a lei establece que esta é unha competencia propia das administracións locais e cando o PP vén de recoñecer na Cámara galega que o Executivo de Feijóo non ten ningunha previsión para solucionar a insalubridade da traída

O Alcalde de Bóveda, José Manuel Arias, recoñece perante o Valedor do Pobo os problemas de insalubridade da traída de auga municipal. Así se desprende do informe remitido por este organismo á voceira municipal socialista deste municipio, Carmen Macía Rodríguez, en resposta á queixa presentada nesta institución, unha vez que o Concello se desatendeu desta competencia municipal básica. Deste xeito, o documento demostra que, dende o primeiro momento, o Goberno de Bóveda foi coñecedor da problemática sen buscar ningunha alternativa que subsanase a contaminación do subministro. Concretamente, a documentación recibida pola socialista inclúe os seguintes puntos, que son totalmente clarificadores da desvinculación perpetrada pola entidade local:

"En cumprimento da resolución da admisión a trámite do devandito expediente, esta institución promoveu unha investigación, sumaria e informal, coa finalidade de esclarecer os feitos relatados na súa reclamación. O froito da nosa intervención reflíctese no informe remitido polo Sr. Alcalde e no que se recollen as seguintes actuacións:

1º.- Ante os problemas xurdidos no encoro de Vilasouto como consecuencia da aparición de cianobacterias, lugar onde se capta a auga para o subministro de augas municipal, se solicitou a colaboración de Augas de Galicia para que estudara o problema e as posibles solución técnicas.

2º.- Grazas a tal colaboración, o organismo que depende da Xunta presentou un anteproxecto coa solución que consideraban máis apropiada para tal problema, por un importe estimado de 1.008.106,52 euros. No citado anteproxecto, e co fin de evitar a contaminación de cianobacterias que padece o encoro de Vilasouto, se contempla unha nova captación no río Viloira (libre de cianobacterias).

6º.- En canto á salubridade informarlle que, tan pronto se detectou a contaminación por metais, se ditaron Bandos da Alcaldía, informando da non potabilidade da auga, así como notas nos medios de comunicación escrita e radiofónicos.

7º.- Para solventar os problemas de abastecemento se contactou con empresas asentadas en Bóveda e con particulares, para subministrarlles auga mediante un camión cisterna.

A Xunta tamén incumpre o seu compromiso

Carmen Macía, asegura deste xeito, que ademais de que "o Alcalde acaba de quedar ó descuberto e de que o que fixo foi mentir ós veciños", a Xunta de Galicia tampouco cumpriu o compromiso asumido neste proxecto, que incluía o inicio da construción da depuradora o mes pasado. Así, se reflicte no punto 3º do informe: *Froito do estudo e despois de avaliarse as propostas presentadas, a petición do Concello de Bóveda, ese organismo –Augas de Galicia- redactou o proxecto técnico denominado "Mellora da ETAP de Bóveda-Fase 1, cun orzamento de execución por contrata de 657.113,14 euros IVE incluído. Actualmente, as obras foron adxudicadas pola Xunta de Galicia, con previsión de inicio en novembro de 2013.*

Para a socialista "isto non é chamativo", logo de que o Partido Popular admitise hai unas semanas, no Parlamento galego, que a administración autonómica se desvincula totalmente do problema de contaminación da traída, pois non foi capaz de concretar unha resposta clara ás preguntas formuladas polo Grupo Parlamentario Socialista, nin de precisar se o Goberno de Feijóo ten previsto levar a cabo as medidas necesarias para que a auga sexa apta para o consumo. Demóstrase así, afirma a voceira do PSOE, que "o único se constata é que o Concello e a Xunta fan como se o tema non fose con eles e, mentras, o único que están a conseguir é que se siga poñendo en risco a saúde dos veciños e veciñas. Esta é a única verdade, todo o demais son contos que nos intentan contar".

Unha hipoteca a 20 anos

Así mesmo, o Rexedor, no informe remitido ó Valedor do Pobo, tamén lle dá a razón ós socialistas, ó afirmar, no punto 4º, que o proxecto proposto pola administración autonómica deixaría hipotecado a este Concello durante os próximos 20 anos: *Para levar a cabo o proxecto mencionado, previo acordo da Xunta de Goberno do día 30 de xaneiro de 2013, aproba o proxecto técnico e solicita a colaboración económica para executar as precitadas obras, comprometéndose o Concello de Bóveda a ingresar o 30% da anualidade (158.769,46 euros) ó longo dun período de 20 anos.*

O PP elude a súa responsabilidade

Garantir o subministro de auga potable é unha das competencias propias dos Concellos, tal e como recolle o artigo 25.2 da Lei 7/1995, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local. Tendo en conta isto, a voceira municipal do PSOE, critica decididamente que o Partido Popular queira responsabilizar no informe á Deputación de Lugo deste problema. "Non se pode ter máis cara. Como pode ser que o Alcalde intente botarlle as culpas á Deputación. Isto é unha desfachatez e unha tomadura de pelo. Oque pretendía era que os cartos que o organismo provincial ten comprometidos para a piscina os destine á ETAP. Isto é unha chapuza", afirma.

O problema segue sen solucionarse despois dun ano

Para a socialista, "o peor de todo é que o problema segue sen solucionarse". Proba evidente disto, é que a documentación remitida polo Concello ó Valedor indica que, dende xaneiro, a auga segue presentando un aspecto que, "dende logo, fai pensar cando menos que non é apta para o consumo". Véxanse os últimos puntos do informe:

8º.- Durante todo este período de tempo, se realizaron, por parte deste Concello, da Consellería de Sanidade, e da Confederación Hidrográfica Miño-Sil (como organismo titular do encoro de Vilasouto, constantes análises da auga, tanto bruta como tratada). O importe dos custes da análise de auga supuxo ao Concello, ate hoxe, un gasto de 14.262,57 euros.

9º.- Actualmente, os correspondentes análises da auga dan a este como potable, se ben esporadicamente se observa algunha turbidez na auga a pesares de que se procedeu no mes de

setembro á limpeza a fondo dos depósitos de auga da rede municipal. Dende o Concello seguimos á procura da mellora deste servizo, coas limitacións propias dun Concello con recursos económicos e técnicos moi limitados, pero conscientes da prioridade que se debe dar á salubridade pública.

Partido dos
Socialistas
de Galicia
LUGO

Para outros proxectos si que hai cartos

Neste senso, Carmen Macía denuncia que "ninguén pode entender que haxa varios millóns de euros para facer unha macro residencia en Bóveda para entregarlla a unha empresa privada para facer negocio, e que non haxa cartos para arranxar unha traída de augas que leva tanto tempo nunha situación deplorable". Neste senso, subliña que "o tema non debería ser menor cando xa o Partido Popular falaba no programa das eleccións municipais de 2007 da necesidade de facer unha nova depuradora. Supoño que isto non foi un erro dos redactores deste programa, ou que o PP o dixo porque si. O que está claro é que nunca cumpren o que din. Ó Alcalde acaba de caérselle a careta. El mesmo se descubriu co informe que mandou ó Valedor", concluíu a socialista.

4 de decembro de 2013

Saúdos,
Gabinete de Comunicación PSdeG-PSOE da provincia de Lugo